

• **ISAÍAS 58, 7-10: Xurdirá a túa luz como a aurora.**

Isto di o Señor: **«Parte o teu pan co famento, hospeda os pobres sen teito, cobre a quen ves espido e non te desentendas dos teus. Entón xurdirá a túa luz como a aurora, enseguida curaranse as túas feridas, diante túa marchará a xustiza, detrás de ti a gloria do Señor. Entón clamarás ao Señor e responderache; pedirás axuda e dirache: “Aquí estou”. Cando afastes de ti a opresión, o dedo acusador e a calumnia, cando ofrezas ao famento do teu e sacies ao alma aflixida, **brillará a túa luz nas tebras, a túa escuridade como o mediodía**».**

Palabra do Señor.

• **SAL. 111: R/. O xusto brilla nas tebras como una luz.**

• **1ª CORINTIOS 2, 1-5: Anuncieivos o misterio de Cristo crucificado.**

Eu mesmo, irmáns, cando vin a vós a anunciarvos o misterio de Deus, non o fixen con sublime elocuencia ou sabedoría, pois nunca entre vós fixen gala de saber cousa algunha, senón a Xesucristo, e este crucificado. Tamén eu me presentei a vós débil e tremendo de medo; a miña palabra e a miña predicación non foi con persuasiva sabedoría humana, senón na manifestación e o poder do Espírito, para que a vosa fe non se apoie na sabedoría dos homes, senón no poder de Deus.  
*Palabra do Señor.*

• **MATEU 5, 1- 16: Vós sodes a luz do mundo.**

- EL SEÑOR SEXA CONVOSCO....
- LECTURA DO SANTO EVANXEO....

**Narrador:** Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

**Xesús:** -«*Vós sodes o sal da terra. Pero se o sal se volve insulso, con que o salgarán? Non serve máis que para tiralo fóra e que o pise a xente.*

*Vós sodes a luz do mundo. Non se pode ocultar unha cidade posta no alto dun monte. Tampouco se acende unha lámpada para metela debaixo da artesa, senón para poñela no candeeiro e que alume a todos os da casa. Brille así a vosa luz ante os homes, para que vexan as vosas boas obras e dean gloria ao voso Pai que está nos ceos».*

***Palabra do Señor.***

*(Narrador - Xesús)*

**5-febreiro-2017 - 5º-Ord-A**

## **Ideas para unha posible homilía de eucaristía coas familias**

**Sae a ser SAL -- Sae a ser LUZ.**

### **1. VER: Aprendices de Master Chef**

-Imaxinamos que somos concursantes deste programa e nos fan preguntas:

***Para que serve o sal? Que lle pasa aos alimentos que non se sazonan suficientemente? Que sería a túa casa sen luz?***

### **2. XULZGAR: Sede sal, sede luz.**

-- No evanxeo deste domingo Xesús dilles aos discípulos e a nós:

- ***“Vós sodes o sal da terra. Pero se o sal se volve insulso hai que tiralo ... Vós sodes a luz do mundo ... Alume así a vosa luz ante os homes”.***

**+ QUE NOS QUERE DICIR XESÚS? Que sexamos sal e luz para todos.**

- **Temos que ser como o sal:**

\*dá gusto e sabor ás comidas. \*É importante poñerlle o punto exacto.

\*Dilúese nos alimentos, non se ve pero nótase. \*Conserva os alimentos, dálles vida.

*Quere que alí onde esteamos deamos ese toque de amor para que todos sexan felices. Mesturados con todos que se note a nosa fe e non a deixemos morrer.*

- **Temos que ser como a luz:**

\*ilumínanos o camiño para que non tropecemos. \*axuda a ver ben as cores. \*se a luz é do sol, ademais de poder ver, dános calor.

*Quere que sexamos como unha luz polo que somos e facemos. Que non escondamos nunca a luz da fe. Que acendamos as nosas pilas cada día na luz de Xesús na oración.*

***Como ser sal e luz ti e os teus amigos?***

### 3. ACTUAR: Sae a ser sal y luz.

- **Dialogamos como poder** dar sabor á vida en familia, no cole, nos xogos, na parroquia.
- **Tamén vemos como iluminar** os problemas dos nosos amigos, como buscar luz nos evanxeos ás dificultades que imos atopando.
- **Dialogamos cómo poder** dar sabor a la vida na familia, no cole, nos xogos, na parroquia.
- **Para ser sal e luz**, procura ser limpo e ordenado, estudoso, obediente, xeneroso, querer a todos, dicir a verdade, perdoar, axudar a todos ... Verán en ti a Xesús.
- Preparamos para a celebración bolsiñas de sal e uns mistos grandes que acendemos ao deixar o sal e unha frase que o explique.

*Que estás disposto/a a facer? E o teu grupo?*

*Señor, fíame sal e luz!*

**Xesús, queres que os cristiáns sexamos como o sal** que vai poñendo sabor na vida dos que nos rodean con xestos de tenrura, de comprensión, de humor. Gústache que nos diluamos na sociedade sendo as túas testemuñas, mellorando o mundo, e realizando ben a nosa tarefa desde o servizo e o compromiso con todos.

**Tamén nos pides que sexamos como a luz** que ilumina todo o que estaba na escuridade coas nosas palabras, coas boas obras. Que irradiemos gozo e paz, esperanza e optimismo no medio do tedio da vida.

**Xesús, hoxe dicímosche:** Ti que es a nosa Luz, aviva en min a luz da fe. Queda comigo, Señor, e comezarei a iluminar, como ti iluminas; comezarei a dar luz de tal forma que poida ser lévedo, proximidade, presenza e amor de Deus entre todos.